

## 1. FICHEIRO DE NÚCLEOS RURAIS

### 1.1. EXPLICACIÓN DA FICHA

Co fin de fundamentar a delimitación dos núcleos rurais, procedeuse a realizar un detallado traballo de campo que permitiu recoñecer as trazas e edificacións tradicionais, permitindo así a delimitación dos núcleos rurais histórico-tradicionais así como dos núcleos rurais comúns.

En certas áreas os núcleos forman agregados que son recoñecidos como tal nas fichas.

A ficha recolle ademais do nome e parroquia dos núcleos, a poboación censual no ano 2009 e a superficie clasificada polo planeamento, medida sobre cartografía a escala 1/2.000 e reflectida en Ha.

No apartado de morfoloxía e función parroquial descríbense as características morfolóxicas dos núcleos.

A densidade reflicte o valor actual de vivendas por hectárea na totalidade do ámbito delimitado.

O apartado de consolidación reflicte o grao de consolidación de cada área delimitada de núcleo rural histórico-tradicional ou núcleo rural común tras a aplicación da ordenanza proposta polo Plan.

Os usos da edificación deixan constancia do número de edificios distinguíndoos por usos nos ámbitos delimitados.

No apartado de dotacións recóllense as existentes englobadas na delimitación ou vencelladas aos núcleos distinguíndoas por tipos coa súa superficie e titularidade.

No apartado de infraestruturas recóllese a súa existencia.

No apartado de rede viaria faise unha exhaustiva explicación de titularidade, tipo e estado de todo o viario do núcleo, identificándoo con códigos de referencia ao plano.

O apartado de patrimonio cultural e etnográfico recolle todos aqueles elementos culturais que merecen especial protección, tanto dentro do ámbito do núcleo como no seu contorno inmediato. Relaciónanse así, con referencia ao seu número de identificación de catálogo, os elementos arqueolóxicos, a arquitectura relixiosa, os pazos

e casas grandes, a arquitectura popular de interese e os elementos etnográficos (cruceiros, muíños, fontes e lavadoiros).


Por último, as observacións fan mención a particularidades específicas no proceso de elaboración de cada ficha.

Acompáñase cada ficha doutras tres con información gráfica.

Na primeira, acompáñase unha reportaxe fotográfica de cada núcleo.

Na segunda, acompáñase a foto aérea da que se dispón a escala 1/5.000.

Na terceira o plano de delimitación do núcleo ou agregado distinguindo as dúas clasificacións: o núcleo rural histórico-tradicional e o núcleo rural común. Ademais sinálanse cunha trama raiada as edificacións tradicionais que serven de base á delimitación do núcleo rural, os elementos catalogados e as dotacións existentes. Esta ficha realízase sobre a base cartográfica a escala 1/2.000, reproducíndose a escala 1/5.000 para facilitar a lectura conxunta do núcleo ou agregado.



OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.  
 SETEMBRO 2016  
 DOC. DE APROB. DEFINITIVA  
 ESCALA 1/55.000

CONCELLO DE MONDOÑEDO  
**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**  
 DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 13 DE XUÑO DE 2016 DA C.M.A.O.T.



**INFORMACIÓN**  
 SISTEMA DE ASENTAMENTOS E ESTRUCTURA PARROQUIAL

PLAN Nº